

Breve aproximación estilística e temática á obra poética de Ánxel Fole

A brief stylistic and thematic approach to Ánxel Fole's poetry

José Ángel GARCÍA LÓPEZ

Universidade de Alacant

Garcia.Lopez@ua.es

[recibido 16/10/2013, aceptado 14/04/2014]

Para Carmen Blanco García e Claudio Rodríguez Fer

RESUMO

No presente artigo realizamos un achegamento sucinto a algúns aspectos estilísticos e temáticos observados na poesía do escritor galego Ánxel Fole, amais de exhumarmos un texto non incluído no corpus lírico recollido na *Obra literaria completa* deste autor.

PALABRAS CHAVE: poesía, literatura española, literatura galega, Ánxel Fole.

GARCÍA LÓPEZ, J. Á. (2014): “Breve aproximación estilística e temática á obra poética de Ánxel Fole”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 27-34.

RESUMEN

En el presente artículo realizamos una aproximación sucinta a algunos aspectos estilísticos y temáticos observados en la poesía del escritor gallego Ánxel Fole, además de exhumar un texto no incluído en el corpus lírico recogido en la *Obra literaria completa* de este autor.

PALABRAS CLAVE: poesía, literatura española, literatura gallega, Ánxel Fole.

GARCÍA LÓPEZ, J. Á. (2014): “Breve aproximación estilística y temática a la obra poética de Ánxel Fole”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 27-34.

ABSTRACT

This essay deals with a little study over some stylistic features and thematic themes seen in the poetry of Galician writer Ánxel Fole. In addition, we offer a poem which is not included in Fole's complete published works to this day.

KEY WORDS: poetry, Spanish literature, Galician literature, Ánxel Fole.

GARCÍA LÓPEZ, J. Á. (2014): “A brief stylistic and thematic approach to Ánxel Fole's poetry”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 27-34.

SUMARIO: 1. Consideracións preliminares. 2. Características do corpus lírico de Fole. 3. Versos esquecidos de Ánxel Fole na revista *Cartel*. 4. Conclusións: estado da cuestión e perspectivas de futuro. 5. Referencias bibliográficas.

1. CONSIDERACIÓNS PRELIMINARES

Con motivo de cumprirse no ano 2013 unha década desde a publicación da *Obra literaria completa* de Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986), pretendemos que este artigo sirva como homenaxe, todo o modesta que se queira, ao dito autor, un dos escritores galegos máis célebres polos meritorios froitos da súa pluma (*Á lus do candil, Terra brava...*), e tamén como contribución que alente algunha conmemoración pública nos vindeiros anos ao redor do trixésimo aniversario do pasamento do intelectual lucense. A contribución de Fole ás letras galegas fora recoñecida en vida co nomeamento de membro numerario da Real Academia Galega en 1963, pero non sería a referida a única distinción que recibiu, posto que a Asociación de Prensa de Lugo lle outorgou en 1975 o título de membro de honra en virtude da súa ampla traxectoria xornalística. Posteriormente, o Concello de Lugo converteuno en fillo predilecto e, en 1977, a Fundación Barrié de la Maza galardoaríaa o noso autor cunha pensión vitalicia. En 1983, a Asociación de Escritores en Lingua Galega resolveu concederlle o cargo de Presidente Honorario e, co apoio da Xunta de Galicia, presentou a súa candidatura ao Premio Nobel de Literatura. E aínda habería outros recoñecementos públicos ao compromiso de Fole coa cultura galega; por exemplo, en 1985, cando a Xunta lle fixo entrega da Medalla Castelao, e, xa en 1986, o Premio Celanova “Casa dos Poetas” do Patronato Curros Enríquez.

No corpus literario de Fole, a creación lírica semella unha faceta menor por dúas razóns: o fraccionamento das entregas poéticas, as cales só exhiben unha certa regularidade na derradeira etapa da vida do autor, e a publicación serodia dalgunhas, décadas despois da súa composición. Así mesmo, xulgamos significativo que o escritor lugués manifestase certa reserva a que os seus textos en verso fosen compilados nun volume, feito que, sen dúbida, habería de darlle maior relevancia a esa parte da súa obra. Neste sentido, coidamos apropiado reproducirmos o testemuño do propio Fole na súa senectude, recollido por Rodríguez López en 1982:

Na súa casa, na rúa Montero Ríos, falamos demoradamente e preguntámoslle cando vai

recoller en libro outros artigos, contos –como “Unha rá con moita historia”– traballos encol da lingua e tantos fermosos poemas espallados en diferentes xornais e revistas.

Non penso publicar máis libros –dinos– aínda que teño moita produción dispersa. Os artigos recollidos en Cartafolio de Lugo son a metade do que escribín ao longo dos anos. Os poemas coído que non teñen demasiado interés e os ensaios lingüísticos –engade– pra min son unha distracción, como xogar aos naipes. (Rodríguez López 1982: 32)

Por deferencia co parecer do escritor, nada se fixo en relación co devandito antes de que finase. Habería que agardar ata o Día das Letras Galegas de 1997, dedicado a Ánxel Fole, para que os investigadores divulgasen a existencia dunha serie de composicións líricas en galego e en castelán dispersas e de difícil consulta para o público lector (Fole 1997; Alonso Montero 1997b: 195-203; Rodríguez Fer 1997a). Non obstante, a tarefa de reunir e publicar finalmente en libro toda a produción poética coñecida de Fole adíouse ata 2003, ano en que saíu do prelo a *Obra literaria completa* do noso autor.

2. CARACTERÍSTICAS DO CORPUS LÍRICO DE FOLE

Por estar a traxectoria biográfica de Fole inscrita no mesmo momento histórico que a dos autores pertencentes á denominada xeración do 27, hai certas concomitancias entre os discursos poéticos daqueles e o do escritor galego, arraigados na continuidade e non na ruptura. En primeiro lugar, cómpre sinalarmos a afinidade do gusto estético pola lírica de Góngora, a quen Fole dedicou o primeiro dos moitos artigos que publicaría na prensa (Fole 2003b: 479-483). Ademais, Fole compartía cos autores do 27 unha actitude idéntica respecto do maxisterio de Juan Ramón Jiménez (Fole 1996: 150) e da admiración sentida por Antonio Machado (Casares 1984: 17). E, por último, o lugués manterá un efémero contacto persoal cos daquela novos creadores no panorama literario español, pois terá oportunidade de coñecer a Alberti en Valladolid en 1928 (Rodríguez Fer 1997a: 25), de tratar a García Lorca durante a visita deste intelectual a Lugo en 1932 (Alonso Montero 1997b: 40-46), e incluso de establecer

unha discreta relación epistolar con Guillén. Polo tanto, podemos concluír que, amais do coñecemento directo das obras poéticas respectivas, Fole posúe un tipo de conexión coa lírica do grupo do 27 que excede a mera coincidencia nunhas influencias compartidas cos creadores citados. Con todo, as calidades dos versos do lucense non coinciden coas preferencias métricas de Guillén nin co cancionero amoroso de Salinas (mesmo que Fole declarase explicitamente en 1936 que estes se encontraban entre as súas preferencias [Alonso Montero 2006: 62]) ou o virtuosismo no uso das imaxes que amosa Gerardo Diego, ben que si podemos observar certo parentesco de expresión entre a poesía de Fole e a creación neopopularista de Alberti ou os romances de Lorca, o que determinou que estudiosos como Rodríguez Fer cualificasen o corpus lírico foleano como epigonal con relación ao dos autores referidos (Rodríguez Fer 1997b: 14).

Tocante aos poemas de Fole, convén distinguirmos aqueles que teñen entidade unitaria do resto. É o caso das *Canciones con ton y son*, composicións escritas entre 1928 e 1929, algunhas das cales viron a luz antes de 1950, inda que o groso deste conxunto fose publicado nas páxinas de *El Progreso* na década de 1970. Ademais, sabemos por Rodríguez Fer que desde 1930 e ata 1942 Fole dá forma a un poemario que levaría por título *Santo Oficio*, onde pensou incorporar as *Canciones con ton y son* (Rodríguez Fer 1997a: 26). Fóra do antedito, aínda cabería falar de poemas dos que por mor da ausencia de referencias á data de composición inferimos que foron elaborados tras a Guerra Civil (Pedre Díaz 2000: 27), como “Pascua florida. Canto abstracto de amor” ou “Bajo la lluvia”. Como sabemos, durante as estadias do escritor lucense en Quiroga e no Incio, Fole desenvolve unha intensa actividade xornalística e narrativa. Asemade, o noso autor atravesaba unha destacada etapa no plano da creación lírica, como demostra certo número de composicións que figuran en diversas publicacións (*Numen*, *Mensajes de poesía*, *Alba*) durante eses anos. O mundo rural que lle serviu de solaz e inspiración, como quedou plasmado nos relatos de *Á lus do candil* ou de *Terra brava*, foi tamén o eido onde xurdiron poemas como “Cortesía a

las aves cantoras. Salutación al mes de mayo” ou “Pastorela”, entre outros.

Atendendo á compilación feita por Rodríguez Fer na *Obra literaria completa* do intelectual lugués (Fole 2003a: 531-532; Fole 2003b: 29-81), corpus en que nos baseamos para a elaboración do presente traballo e ao cal remiten as indicacións feitas no sucesivo, conservamos arredor de corenta textos en verso, dos cales unicamente dous están escritos integramente en galego, ademais de atoparse afastados cronoloxicamente. “Cántiga do Nadal” (Fole 2003a: 531) figura nun díptico que a imprenta Cartonaxes Anmi tirou en 1957 co título de *Feliz Nadal e mais Aninovo. Panxoliña*, mentres que “O merlo e o sapo” (Fole 2003a: 532) formou parte dun monográfico sobre o autor publicado o 26 de xaneiro de 1975 na sección cultural “Táboa Redonda” do xornal *El Progreso*, da cal o propio Fole foi fundador e colaborador asiduo. O dúo formado por estes animais non é exclusivo desta composición de Fole, xa que a mesma parella tamén se encontra presente nas tituladas “Romanza del río Miño” (Fole 2003b: 51), “Versos a la primavera. Concierto campesino” (Fole 2003b: 56) e “Lunerías a don Fabulón de Lugo” (Fole 2003b: 80).

Como Gil Vicente, cuxo influxo foi recoñecido por poetas do 27 como Alberti (Morris 1988: 43), Fole situaría moitas das súas composicións no ámbito da natureza, facendo loanzas das aves, árbores e ríos e exaltando a felicidade tenra e despreocupada, eixes dunha cosmovisión poética en que os elementos da paisaxe (nomeadamente a auga, símbolo ambivalente no cal Fole identifica extremos emocionais positivos e negativos) se converten en símbolos fundamentais que podemos inserir na canle da tradición: alegría, paz, liberdade... Polo que fai aos paxaros, as manifestacións sensitivas que transmiten na poesía de Fole son fundamentalmente auditivas por causa do carácter canoro que presenta o canto da maioría deles: *merlo / mirlo* (Fole 2003b: 31; Fole 2003b: 40; Fole 2003b: 47; Fole 2003a: 532), *ruiseñor* (Fole 2003b: 33; Fole 2003b: 40; Fole 2003b: 54; Fole 2003b: 60), *oreol / oriol / auriolo* (Fole 2003b: 33; Fole 2003b: 67; Fole 2003b: 79), *laberca / alondra* (Fole 2003b: 33; Fole 2003b: 40; Fole 2003b: 73), *cuco* (Fole 2003b: 54; Fole 2003b: 79),

tórtola (Fole 2003b: 31), *cotovía* (Fole 2003b: 54), *malvises* (Fole 2003b: 67), *moucho* (Fole 2003b: 75), *anduriña* (Fole 2003b: 79), *verderol* (Fole 2003b: 79) e *piquelo* (Fole 2003b: 79).

Verbo das referencias á flora, é de notarmos que a presenza das árbores é menos frecuente cá das flores. Entre as primeiras, sorprende a ausencia de carballos e piñeiros nos poemas de Fole. En troques, figuran esporadicamente nos seus versos as seguintes: *laurel* (Fole 2003b: 33), *saúco* (Fole 2003b: 49), *chopo* (Fole 2003b: 51), *encina* (Fole 2003b: 68), *ciprés* (Fole 2003b: 65; Fole 2003b: 69), *castaño* (Fole 2003b: 69), *álamo* (Fole 2003b: 69) e *manzano* (Fole 2003b: 73). Tocante ao tipo de flores, a *rosa* é mencionada polo escritor lucense en quince ocasións, seguida moi de lonxe polo *caravel*, aludido en seis casos, e mais a *dalia* (Fole 2003b: 32; Fole 2003b: 66), a *lila* (Fole 2003b: 58) e a *azucena* (Fole 2003b: 81). Cómpre subliñarmos que a rosa está habitualmente desligada de calquera tipo de subxectividade, agás en tres poemas: “rosa roja de amor” (Fole 2003b: 29), “rosa de la blanca luna” (Fole 2003b: 72) e “rosa roja / –no sé cómo se llama– / que nunca se deshoja / que palpita y se inflama” (Fole 2003b: 80-81). En relación non só cos ditos elementos, senón a nivel xeral, convén indicarmos que a gama cromática utilizada por Fole é variada. Por orde de representatividade, as cores citadas na súa lírica son as seguintes: vermella, verde, azul, branca, negra, gris, amarela e gra, amais de aparicións episódicas das tonalidades moura, ocre, loura, colorada e rubia.

En canto ao elemento líquido, hai que sinalar que é unha das realidades máis recorrentes no corpus lírico de Fole, textos vinculados a espazos naturais que coñecía ben o noso autor e que lle serviron de inspiración e de marco, onde os elementos que compoñen a paisaxe se converten en símbolos fundamentais dunha cosmovisión lírica que segue os postulados da tradición. A paisaxe fluvial aparece sempre en fiel correspondencia co estado da alma do poeta, que se encontra implícito como contemplador, e dá lugar a versos cargados de sentimento, os cales, de acordo con Rodríguez Fer, mesmo poderían conter ecos vivenciais dalgunha relación amorosa (1997a: 21). E, prosopopeicamente, a paisaxe adquire calidades humanas, extremo

que amosan composicións como “Don de claridad de las aguas del Miño” (Fole 2003b: 57). Amais da reverberación da luz do firmamento reflectida nas augas, que anotamos en diferentes versos de Fole, no poema titulado “Nadadora en el río Miño” (2003b: 42-43), as augas acadan outras consideracións simbólicas á marxe da propiedade física do reflexo. Como sucede no mito de Narciso, cuxa imaxe se fragmenta ao aprehendela, a aparencia dos elementos citados no poema eslúese sen que o líquido acolla o reflexo, pois estes experimentan un afastamento do seu referente real. A inmersión da imaxe dos seres animados ou inanimados implica unha transfiguración, a desaparición do desdobraemento do corpo material na superficie da auga para adquirir características humanas e revelar emocións. Porén, cando a percepción do elemento líquido –que remite a unha constante vital, dinámica– é asociada ao sentido do oído, a suxestión que exerce sobre o poeta pode ser ben positiva, ben negativa, o que se traduce en metáforas non exentas de interiorización espiritual como as que anotamos nas *Canciones con ton y son* (Fole 2003b: 30-31) ou en “Pascua florida. Canto abstracto de amor” (Fole 2003b: 59), “Paz de Dios” (Fole 2003b: 63), “Nocturno” (Fole 2003b: 66) e “Canto al valle de Viduedo” (Fole 2003b: 72).

Fronte ao valor simbólico tradicionalmente asumido de vida e de fertilidade, nos poemas de Fole a chuvia transmite un sentimento soidoso, inclusive transformándose, por relación metonímica, en choro, tal como amosan composicións como “Canto al valle de Viduedo” ou “Bajo la lluvia”. Neste último texto, a realidade exterior percibida polos sentidos ilumina o mundo interior do poeta e estimula a súa memoria, que fai xurdiren no texto unha serie de topónimos enlazados con recordos, os cales aparecen no texto nunha disposición rechamante: do máis próximo ao máis afastado, coma nunha viaxe en retrospectiva. A causa da densidade das precipitacións, as formas concretas dos camiños e dos obxectos esvaecen da contemplación obxectiva, dando pé a que paisaxes interiorizadas sexan recreadas por medio da sensación provocada pola chuvia; deste xeito, o eu lírico transcende o tempo e o espazo:

Por las cimas de Soán, / por las llanas de Gundín, / por Fitoiro y Arxubín, / por Soldón y Vilañán. / Llueve, llueve en los pinares; / llueve, llueve en las robledas, / esfumando los casares / y borrando las veredas. (...) / ¡Qué soledades tan hondas / me calan alma y sentido, / mientras oigo el resonido / de la lluvia por las frondas! / Llueve tanto, tanto, / tanto llueve y lloverá / por Moimenta, por El Santo, / por Xustas y por Goá. / Sobre la puente de piedra / y sobre toda la ría. / ¡Lloverá en Villagarcía / y también en Pontevedra! (Fole 2003b: 60-61)

Por outra banda, Fole é autor dalgúns poemas que podemos considerar circunstanciais, como os escritos en 1929 “Himno al mochuelo”, “Romance de la Muralla” ou “Pregón”, ligados á serie *Cartafolio de Lugo* que apareceu como volume na derradeira etapa da vida do escritor (Fole 1981). Eses versos, sen se cinguiren estritamente ás directrices do costumismo, contan cunha ambientación urbana que os distingue do resto do corpus lírico foleano. Por formaren parte dun libro en que se relatan fitos da historia local de Lugo, o autor establece relacións entre personaxes e elementos do pasado e do presente (Fole 2003b: 37). Nos versos de “Pregón”, a cidade de Lugo é símbolo de presenza e de ausencia, pois a figuración producida pola contemplación das estampas leva o tempo en retrospectiva e fai que as voces do recordo cobren vida nun presente subxectivo, sen que medie ningunha organización ou progresión cronolóxica ao recrear o mundo do subconsciente (Fole 2003b: 36). A este respecto, convén apuntarmos que a transición temporal é normalmente reflectida nos poemas de Fole sen respectar a realidade obxectiva, chegando á desrealización subxectiva da metáfora, como observamos nas *Canciones con ton y son* (Fole 2003b: 31) ou nos “Versos a la primavera. Concierto campesino” (Fole 2003b: 54-55).

A descrición sensorial da paisaxe ofrece un abano moi amplo de percepcións, ben que á marxe das visuais predominan as olfactivas e as gustativas, asociadas á sensualidade: “fresca como agua de roca” (Fole 2003b: 31), “beso de vino y miel” (Fole 2003b: 33), “besar su carnación / de fruto madurecido” (Fole 2003b: 43), “rosa olorosa” (Fole 2003b: 54), “delicia del beso” (Fole 2003b: 57), “lírico olor a rosa, novia y manzana” (Fole 2003b: 58), “olor a lila” (Fole

2003b: 58), “¡Mayo sabroso de miel y canciones!” (Fole 2003b: 68), “¡Mayo oloroso de viento, y de brisas! / Bien vengas, mayo, risueño y fragante” (Fole 2003b: 68). É evidente que, malia partir da contemplación obxectiva, a paisaxe alterada polo estado emocional do poeta é codificada nos textos como unha paisaxe ideal. Exprésase así unha fusión entre interioridade e exterioridade a raíz da relación establecida entre sensacións e sentimentos nun presente continuo, como amosan as composicións “Pastorela” (Fole 2003b: 73) e “Canto al valle de Viduedo” (Fole 2003b: 72).

Fóra do referido, Fole escribiu ocasionalmente durante a súa mocidade versos que, polos seus contidos reivindicativos e anticaciquís, non casan co resto da súa produción. Os romances “Rojo” e “Diana”, vinculados á que renza que Fole profesou polo socialismo e polo comunismo nunha etapa anterior á inmersión no galeguismo, foron publicados nas revistas luguesas *Guión* e *Yunque* co gallo da celebración do Primeiro de Maio en 1931 e 1932, respectivamente. Ambos os romances, cuxas claves poéticas e ideolóxicas foron analizadas polo profesor Alonso Montero (1997a: 195-205), presentan en común elementos relativos ao mundo do traballo e símbolos de filiación comunista: “Son falanges de Espartacos, / son los Espartacos nuevos / que, a golpes de hoz y de martillo, / forjan el futuro pueblo.” (Fole 2003b: 50); “Rebota, dura y briosa, la canción vindicativa, diana del proletario (...) ¡Rojas banderas en marcha / el aire claro fustigan...!” (Fole 2003b: 51). Cabería sinalarmos que observamos nestes textos influencias de Maiakovski ou de Esenin, autores que Fole acreditou ter lido no seu momento (Casares 1984: 82).

Por último, Alonso Montero confirmou a autoría de Fole respecto do romance satírico con ecos lorquianos “Responso a Pepe Benito”, que saído do prelo da empresa luguesa “Hijo de A[ntonio] Suárez. Suc. de Villamarín” (onde máis tarde serían imprimidos varios números da revista *Yunque*, dirixida polo propio Fole), circulou sen sinatura na provincia de Lugo en 1930 (Alonso Montero 1997b: 61). O mesmo estudo deu noticia doutra composición anónima manuscrita cunha temática semellante titulada “Nuevas coplas del estraperlo”, ben que neste

caso a identidade do autor non é unha cuestión clara dabondo, prevención que comparte tamén Rodríguez Fer (Alonso Montero 2006: 26) e que, con certeza, foi a causa da súa exclusión do corpus lírico de Fole reunido na *Obra literaria completa* de 2003.

3. VERSOS ESQUECIDOS DE ÁNXL FOLE NA REVISTA *CARTEL*

A revista viguesa *Cartel* saíu do prelo por primeira vez en febreiro de 1937 baixo a supervisión de Antonio Otero Coira. De acordo co exposto por César Antonio Molina (1989: 483), a presenza da cultura nas páxinas de *Cartel* durante esa etapa inicial foi un feito pouco menos que anecdótico, posto que se limitaba a unhas traducións de Schwob e Bernard Shaw, amais dun poema de Julio J. Casal. Non temos noticia doutros números da revista ata decembro de 1945, data en que é inaugurada a segunda época da publicación, agora subtitulada *Revista de Galicia*, a cal terá como director a Julio Sigüenza. *Cartel* saíría regularmente ata agosto de 1946, momento en que desapareceu definitivamente tras publicar un total de doce números. Como é doado supoñermos polos anos nos cales é editada, a maior parte dos artigos están escritos en castelán a pesar de conteren moitas referencias a Galicia. As páxinas da revista acolleron traballos de Victoriano Taibo, Ánxel Fole, Manuel Cuña Novás ou Eliseo Alonso, entre outros. Polo que fai á literatura en lingua galega, esta redúcese case exclusivamente ás contribucións en verso de Noriega Varela, Amado Carballo, Díaz Jácome, Díaz Castro e mais o propio Julio Sigüenza, colaboradores que, agás os dous primeiros, alternan o uso do castelán e do galego como linguas poéticas nas súas achegas.

Verbo da sinatura de Ánxel Fole, esta atópase ao pé dunhas composicións agrupadas baixo a epígrafe “Dos poemas”, publicadas no número dez de *Cartel*, correspondente a maio de 1946. Das ditas composicións, que presentan coordenadas líricas idénticas ás doutros textos coetáneos escritos polo seu autor, a que posúe maior valor é a primeira, posto que non foi compilada a carón da produción en verso de Fole coñecida ata a data. Tocante á segunda composición, si foi incorporada ao conxunto de

catorce poemas que co título de *Canciones con ton* y son viu a luz en *El Progreso* en 1977 e que Pedre Díaz ampliou no 2000 con dous textos máis (Pedre Díaz 2000: 197-198). En canto aos aspectos ecdóticos, observamos que non hai variacións entre a versión de 1946 e a de 1977 fóra dun cambio no cuarto verso: “que venga a ponerse el sol” (Fole 2003b: 73). Así mesmo, o feito de que Fole dispuxese numerados os poemas publicados en *Cartel* indúcenos a considerar que, probablemente, ambos teñan en común a pertenza á serie *Canciones con ton y son*, a cal se vería así incrementada coa adición do primeiro dos textos que hoxe exhumamos. Reproducimos a continuación as dúas composicións mencionadas na súa integridade e respectando a ortografía orixinal:

1

Cantaba el cuco en la oliva
y en la ribera del río
cantaba la vaquerita...
¡Qué bien cantaba la moza!
¡El cuco le tenía envidia!

¡Ay cuco que estás cantando,
deja al mochuelo el olivo,
que ya la primera estrella
se está mirando en el río!

Vaquera, deja el ganado
y vente a soñar conmigo,
que la noche, noche, noche,
da más sabor al carriño.

¡Qué hermosa estaba la estrella
ardiendo en el agua fría!
¡Qué alegre estaba la moza
al pie de la verde oliva... [!]

2

—Canta oreol, oreol,
deja las mieles del higo
y dile, dile a mi amigo
que venga al ponerse el sol.

—Canta laberca, laberca,
canta tu mejor cantiga,
que ya mi amiga está cerca,
que ya está cerca mi amiga.

Y canta tú, rui señor,
canta en el verde laurel,
que ya me ha dado Leonor
un beso de vino y miel.

Podemos apreciar doadamente trazos comúns entre estes textos e outras composicións de Fole en que o eu lírico expresa confidencias de raizame amorosa. Por exemplo, o feito de ser cantigas cunha estrutura alternante (raramente monologada) en que é invocada a amiga ou a amada, seguindo pautas paralelísticas, xunto con figuras e elementos asociados ao mundo rural (*zagal*, pastor, muiñeira, lira, gaita, frauta, rosa, pomba...) presentes no cancionero de expresión popular ou no culto, unha vez máis en correlación coas preferencias do grupo do 27. Bos exemplos do devandito podemos atopalos no resto dos poemas incluídos nas *Canciones con ton y son* (Fole 2003b: 33), pero tamén noutros textos como “Versos a la primavera. Concierto campestre” (Fole 2003b: 55) ou “Pastorela” (Fole 2003b: 73).

En relación coa temporalidade, cómpre salientarmos que no corpus lírico de Fole é un feito recorrente asociar a noite co encontro dos amantes, extremo que se reflicte tanto nestas dúas composicións publicadas na revista *Cartel* como en “Pascua florida. Canto abstracto de amor” (Fole 2003b: 59-60), “Cortesía a las aves cantoras. Salutación al mes de mayo” (Fole 2003b: 67), ou “Lunerías a don Fabulón de Lugo” (Fole 2003b: 80), entre outras.

4. CONCLUSIONES: ESTADO DA CUESTIÓN E PERSPECTIVAS DE FUTURO

Como cabo deste pequeno achegamento a algúns aspectos da obra poética de Ánxel Fole, elaborado sen pretensións de exhaustividade, semella axeitado facer fincapé nas calidades exhibidas nos textos líricos que analizamos. É obvio que, durante o seu periplo itinerante como estudante de Dereito nas aulas universitarias de Valladolid, Madrid e Compostela (1927-1933), a creación poética en lingua castelá por parte de Fole é constante e que, mesmo de xeito temperán, ofrece froitos de manifesta entidade literaria. Porén, a publicación en letra impresa da maioría dos froitos líricos elaborados nesa etapa non resultou prioritaria para o escritor lucense, fóra dalgunhas composicións editadas en revistas e xornais. Sen excluírmos reticencias íntimas motivadas polo pudor, coidamos que outros factores que influirían nese feito durante os anos da Segunda República poderían ser a

intensa actividade xornalística e mais a dedicación á militancia política desenvoltas por Fole. Así mesmo, tampouco podemos excluír unha relación intrínseca entre a selección da lingua como vehículo de creación e as preferencias editoriais. Neste sentido, Fole elixiu conscientemente en 1936 dar ao prelo unha serie de relatos escritos en lingua galega –os que compoñerían o nonnato libro *Auga lizgaira* (Requeixo 1996: 26)– antes que expoñer ao criterio dos editores a colección de poemas *Canciones con ton y son*. Tras a guerra, o recoñecemento público de Fole como escritor en lingua galega e unha maior dedicación á prosa (nomeadamente a periodística, fonte de ingresos indispensable para el) eclipsarían a súa faceta poética, escasamente cultivada polo intelectual lugúés tras a década dos anos corenta do século pasado. Ao asumirmos esta perspectiva, podemos atopar unha explicación plausible ao desinterese amosado polo escritor na súa madurez respecto da publicación do orixinal lírico en castelán *Santo Oficio*, que coidamos comprensible polo distanciamento temporal respecto da época en que foron escritas as composicións que o integran.

Aínda que as dotes poéticas de Fole fosen evidentes, o feito de non concretarse a edición de ningún dos poemarios citados en vida do noso autor motivou que fose recordado principalmente como narrador, o que explica que, tradicionalmente, os estudosos prestasen maior atención a esa parte da súa obra literaria. Ademais, o atraso con que os investigadores asumiron a tarefa de compilaren o corpus poético de Fole nun volume (publicado seis anos despois dunha efeméride tan relevante como a edición do Día das Letras Galegas de 1997) foi igualmente decisivo na divulgación da produción en verso do intelectual lucense e das súas virtudes, parte das cales procuramos expoñer ao longo do presente traballo, obrigadamente breve por mor dos límites de extensión impostos. Así pois, agardamos que, de cara a un futuro próximo, a creación lírica de Ánxel Fole sexa obxecto doutras análises máis extensas e con enfoques diversos; algo que, previsiblemente, redundará nunha maior valoración desa parte da obra foleana.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, Xesús (1997a): “O primeiro Fole: poesía e ideoloxía”, en VV.AA., *Actas do Congreso Ánxel Fole*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 195-203.
- (1997b): “Ánxel Fole, García Lorca e os *Seis poemas galegos*”, en X. Alonso Montero (coord.), *Día das Letras Galegas 1997, Ánxel Fole*. Santiago de Compostela: Universidade, Servizo de Publicacións, pp. 39-80.
- (2006): *Ánxel Fole, García Lorca e os Seis poemas galegos*. Lugo: Concello de Lugo.
- CASARES, Carlos (1984): *Conversas con Ánxel Fole*. Vigo: Galaxia.
- FOLE, Ánxel (1946): “Dos poemas”, *Cartel. Revista de Galicia* 10, p. 5.
- (1981): *Cartafolio de Lugo*. Lugo: Círculo de las Artes.
- (1996): *Cartafolio galego* (ed. Claudio Rodríguez Fer). Vigo: A Nosa Terra.
- (1997): *Obra galega completa* (ed. Claudio Rodríguez Fer), vol. 2. Vigo: Galaxia.
- (2003a): *Obra literaria completa. II: Obra en galego* (ed. Claudio Rodríguez Fer). Vigo: Galaxia.
- (2003b): *Obra literaria completa. III: Obra en castelán* (ed. Claudio Rodríguez Fer). Vigo: Galaxia.
- MOLINA, César Antonio (1989): *Prensa literaria en Galicia (1920-1960)*. Vigo: Xerais.
- MORRIS, Cyril Brian (1988): *Una generación de poetas españoles (1920-1936)* (trad. Antonio Bocanegra). Madrid: Gredos.
- PEDRE DÍAZ, Luís Miguel (2000): *A creación literaria en castelán de Ánxel Fole*. Lugo: Deputación Provincial, Servizo de Publicacións.
- REQUEIXO, Armando (1996): *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego*. Vigo: Edicións do Cumio.
- RODRÍGUEZ FER, Claudio (1997a): *Ánxel Fole. Vida e obra*. Vigo: Xerais.
- (1997b): “Aproximación á vida e á obra de Ánxel Fole”, en VV.AA., *Actas do Congreso Ánxel Fole*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 11-28.
- RODRÍGUEZ LÓPEZ, Manuel Oreste (1982): “Aínda que ten moitas cousas dispersas. Ánxel Fole non pensa publicar máis libros”, *El Ideal Gallego* (04/08/1982), p. 32.